

Review

Cham: Palgrave Macmillan.
 2022. 330 pp.
 ISBN 978-3-030-98860-9

**CASTRO, Obdulia;
 BAENA, Diego; REY
 LÓPEZ, María A.; &
 SÁNCHEZ MOREIRAS,
 Miriam (eds.)**

*Gender, Displacement,
 and Cultural Networks
 of Galicia: 1800s to
 Present.*

María Alonso Alonso
 Universidade de Santiago de Compostela

Gender, Displacement, and Cultural Networks of Galicia: 1800s to Present concíbese polas editoras do volume, e como sinalan no prólogo do mesmo, como a continuación doutro exemplar anterior, *Rerouting Galician Studies: Multidisciplinary Interventions*, publicado en 2017 e no que os editores Benita Sampedro Vizcaya e José A. Losada Montero sinalaban a necesidade de abrir novas liñas de investigación nos estudos galegos tendendo pontes transnacionais co traballo que están a realizar académicas e académicos, sobre todo, no norte do continente americano. Nesta ocasión, Obdulia Castro, Diego Baena, María A. Rey López e Miriam Sánchez Moreiras, editoras do libro, articulan este exemplar arredor de catro partes diferentes onde teñen cabida un total de doce capítulos de natureza miscelánea. Se ben no prólogo indican que estas catro partes responden á necesidade de abordar dende o ámbito académico prácticas artísticas e creacións arredor de conceptos como os de diáspora ou xénero nunca antes exploradas, o certo é que a elección de artigos é a primeira vista confusa. É por iso que é

Obdulia CASTRO, Diego
BAENA, María A. REY
LÓPEZ & Miriam SÁNCHEZ
MOREIRAS, eds.
*Gender, Displacement and
Cultural Networks of Galicia:
1800s to Present.*
María Alonso Alonso

preciso unha lectura global e atenta deste volume para comprender a cohesión que certamente existe entre a maior parte dos capítulos.

Nunha primeira parte, composta de dous capítulos baixo o título “‘Displacing’ Galician Studies: Diasporic and Linguistic Perspectives’, María do Cebreiro Rábade Villar e Xosé Luís Regueira sinalan dende os seus campos de especialidade a necesidade de abrir os estudos galegos a novas liñas de investigación. Fano despois de ofrecer unha panorámica do estado da cuestión dende a teoría da literatura e dende a lingüística. Por un lado, Rábade Villar céntrase no concepto de ‘diáspora’ como eixo conector entre migración e identidade a través dunha achega teórica a diferentes postulados desenvolvidos nos tres últimos séculos e que, dende a súa perspectiva, influíron exponencialmente en conceptos chave para os estudos galegos arredor da conexión entre cultura e espazo. Dun xeito similar, Regueira debulla a evolución da internacionalización dos estudos lingüísticos galegos dende a década dos setenta do século pasado até a actualidade. Dende o seu punto de vista, ‘the most innovative language research was carried out outside Galicia’ (46), sobre todo nos Estados Unidos. É por iso que tanto Rábade Villar como Regueira insisten na necesidade de ‘refocus efforts and set new objectives’ (47). Vexamos, polo tanto, se a intención deste novo volume é a de cumprir con este propósito.

As dúas seguintes partes do libro parecen ter un nexa de unión polo título das mesmas: ‘Bodies, Sexes and Genders I: Intimate and Political Bodies’ e ‘Bodies, Sexes and Genders II: Seductions, Motherhoods and Rebellions’. Porén, a estrutura interna destas dúas partes presenta algún problema tanto pola temática como polo contido das mesmas. Os tres capítulos da segunda parte parecen, efectivamente, cumprir co mandato de Rábade Villar e de Regueira de reenfocar esforzos e sinalar novos obxectivos. María Elena Soliño faino a través dunha acertada análise do retrato da figura do lobo no filme *Lobos sucios* (2016). Lonxe de idealizar o rural galego, Soliño ofrece unha contra-lectura da película para cuestionar o discurso histórico do papel neutral de Galicia durante o nazismo. Para Soliño, Galicia foi un lugar de batalla na Segunda Guerra Mundial xa que ‘in spite of its official posture of non-belligerence, the Franco regime was deeply implicated alongside the Nazis in WWII’ (69) e compara o filme con outros documentais anteriores que tamén trataban a conexión entre as minas de volframio galegas e a Alemaña nazi, que utilizaba ese mineral con fins bélicos. O papel das mulleres no filme é fundamental e aquí recae a conexión deste capítulo co título da parte no que está incluído. A análise de Soliño é un exercicio de recuperación de memoria histórica necesario e novidoso que pon en cuestión a narrativa política e histórica oficial. O seguinte capítulo, de Dosinda G. Alvite, analiza a novela *Alma e o mar* (2017), de Francisco Fernández Naval, a través da re-formulación de tradicións e mitos galegos que nela aparece dende a ética feminista dos coidados, un concepto innovador que chega do eido da economía feminista e do ecofeminismo e que Alvite leva ao ámbito filolóxico. Alvite aborda o texto utilizando postulados relacionados coa vulnerabilidade, as masculinidades performativas e a sexualidade non normativa para presentar unha revisión histórica dos mitos e da idea de retorno. Dun xeito tamén innovador, o seguinte capítulo desta segunda parte, escrito por María Reimóndez, presenta unha achega valente e necesaria ao que ela considera a participación activa de Galicia no proceso (neo)colonizador tamén dende o ámbito da literatura. Utiliza para isto a teoría decolonial xa que, para a autora, aínda non existe unha análise decolonial da emigración galega a América Latina e o impacto desta

Obdulia CASTRO, Diego
BAENA, María A. REY
LÓPEZ & Miriam SÁNCHEZ
MOREIRAS, eds.
*Gender, Displacement and
Cultural Networks of Galicia:
1800s to Present.*
María Alonso Alonso

nas comunidades indíxenas e subalternas. Artella o seu capítulo en tres partes: 'orientalismo', coa análise de textos de Risco ou Sánchez Iglesias; 'migración/exilio', contrastando a exaltación colonial en textos de Xavier Alcalá ou Víctor Freixanes e a visión liberadora feminina de autoras como Luz Pozo, Pura Vázquez ou María do Carme Kruckenberg; e 'exotización/sexualización', a través dunha análise da mirada masculina no corpo feminino na obra de Florencio Delgado Gurriarán, Avilés de Taramancos ou Celso Emilio Ferreiro e mesmo de mulleres como Inma López Silva, María Xosé Queizán, Yolanda Castaño ou Ana Cabaleiro.

A diferenza desta segunda parte, que efectivamente responde á necesidade de abrir novas liñas de investigación dende o audiovisual, a filoloxía e a teoría literaria, a terceira parte deste libro pode a primeira vista parecer máis conflictiva neste sentido. Existe unha conexión máis que obvia entre os capítulos de Diego Baena e Susan Walter sobre a obra de Emilia Pardo Bazán, que entran en discusión. Por un lado, Baena 'disagree[s] with those critics who have tended to idealize and/or decontextualize Pardo Bazán's particular brand of feminism' (169) e faino a través da análise de *La Tribuna* (1883), unha novela de desclasamento que o autor describe como texto docente máis que satírico. Para Baena, Pardo Bazán é un caso paradigmático de contradición a causa da súa particular natureza feminista, clasista e tradicionalista que resume como feminismo burgués do nacional catolicismo. A visión de Baena parece opoñerse á de Walter e á do seu capítulo a través dunha lectura de *Los Pazos de Ulloa* (1886) na que destaca os esforzos da autora para explorar 'the plight of Spanish women who are not given full legal rights, have little economic security, are not permitted to educate themselves or pursue professional opportunities and at times are victims of domestic violence' (187). En realidade, os capítulos de Baena e de Walter complementáanse dende dous puntos de vista diferentes mais chegando a conclusións que non se contradín a unha á outra, xa que ambos capítulos examinan tanto o sistema de valores compartido por Pardo Bazán a través da súa obra como a imposición deste ás súas personaxes femininas pertencentes tanto ás clases traballadoras como á aristocracia daquela época. O terceiro capítulo desta terceira parte materializa o traballo de documentación museística que levou a cabo María Ángela Comesaña Martínez sobre a marquesa de Ayerbe, María Vinyals, que a autora define como 'activist, writer and feminist pioneer' (211). A conexión entre este artigo que sae do ámbito filolóxico e os dous anteriores desta terceira parte é mínima e podería xustificarse polo retrato que Comesaña Martínez fai da vida e obra desta muller, quen estaba a favor da educación para as mulleres para, dese xeito, loitar polo seu dereito ao voto. Poucas parecen ser as conexións entre Pardo Bazán e Vinyals máis alá da súa faceta literaria e da época aproximada da súa creación. A pesar disto, sen dúbida a aportación deste capítulo ao volume é meritoria xa que recupera o nome dunha descoñecida intelectual galega que viviu entre Galicia, Madrid e Cuba a través dun estudo que vai máis alá do filolóxico.

Máis conexións existen entre o capítulo que pecha esta terceira parte e o último capítulo da cuarta parte do libro, que leva por título 'Folk Arts and the Professional Art Circuit: Artistic Production and Cultural Dissemination'. Neste último capítulo do libro, Julia María Dopico Vale tamén fai un exercicio biográfico e recupera a vida e carreiras do que ela define como 'saga of child prodigies' (303) José Arriola, Pilar e Carmen Osorio Rodríguez, fillas de Josefa Rodríguez Carballeira. Nun capítulo onde non queda clara a metodoloxía de investigación utilizada pola autora,

Obdulia CASTRO, Diego
BAENA, María A. REY
LÓPEZ & Miriam SÁNCHEZ
MOREIRAS, eds.
*Gender, Displacement and
Cultural Networks of Galicia:
1800s to Present.*
María Alonso Alonso

Dopico Vale céntrase na figura de tres importantes nomes da escena da música clásica galega. A linguaxe utilizada neste artigo podería causar, cando menos, sorpresa pola elección adxectivo da autora ao referirse, por exemplo, á nai do clan como ‘a strong woman of *volcanic temperament*, active, *indomitable*, and capable of overcoming all manner of obstacles’ (303, énfase miña), sen ofrecer ningunha evidencia desta presumible capacidade de superación. Non queda claro cales son as fontes e referencias primarias da súa investigación, alén dunha serie de publicacións anteriores propias. Chama tamén a atención que defina como ‘musical career’ (305) a experiencia de Pilar, quen ‘[a]t just three years [...] could perfectly interpret the works of Beethoven, Mendelssohn, Mozart and so on’ (306) para despois abandonar esta suposta carreira musical ‘for reasons which are currently unknown’ (306). Alén deste, o resto dos capítulos desta última parte do libro ofrecen unha maior cohesión e tamén responden a un dos aspectos que sinalaban Rábade Villar e Regueira nos seus capítulos introductorios, que é a necesidade de que os estudos galegos vaian máis alá do ámbito filolóxico.

Estes outros tres capítulos que dan forma á última parte de *Gender, Displacement, and Cultural Networks of Galicia: 1800s to Present* céntranse na vida e obra de diferentes artistas, como tamén o fan Dopico Vale e Comesaña Martínez, mais cunha metodoloxía articulada arredor dun sólido marco teórico, e nun proxecto cultural e empresarial particular. Palmar Álvarez-Blanco ofrece unha interesante achega ao NUMAX de Santiago de Compostela, un proxecto empresarial e cultural inspirado no movemento de autoxestión da fábrica NUMAX de Barcelona e outras accións similares. O NUMAX é unha cooperativa fundada en Santiago de Compostela no ano 2015 que ten como obxectivo a dignificación do traballo cultural. A través de conversas con algunhas das persoas responsables do proxecto, Álvarez-Blanco abre o concepto de ‘investigación’ máis aló do eido académico para falar dos obstáculos económicos e institucionais que este proxecto leva atopado nestes últimos anos, mesmo durante tempos pandémicos, cunha reflexión sobre asuntos vencellados co capitalismo e coa economía sostible. A conexión entre arte e economía tamén é suxeito de estudo no seguinte capítulo de Germán Labrador Méndez, no que reivindica a figura de Antonio Taboada Ferradás, Wily, a través do estudo da evolución do artista arredor principalmente de dúas das súas intervencións culturais e dende un punto de vista crítico cara á monocultura do Xacobeo. Labrador Méndez non se limita a unha análise da obra de Wily, senón que intenta conectar esta coa crise neoliberal e medioambiental contextualizando a súa filosofía artística arredor de diferentes tradicións e influencias. Finalmente, Miriam Sánchez Moreiras tamén reivindica a figura doutro artista polifacético, Emilio Araújo. A súa obra en relación coas voces e prácticas do mundo rural galego son obxecto de estudo neste caso para destacar o seu labor como etnógrafo do entroido, editor, filántropo e activista cultural.

Gender, Displacement, and Cultural Networks of Galicia: 1800s to Present é, polo tanto, un volume heteroxéneo que precisa dunha atenta lectura para atopar as conexións internas entre os diferentes capítulos que lle dan forma. Trátase tamén dunha interesante e necesaria contribución para abrir os estudos filolóxicos galegos a novas liñas de investigación, así como para levar os estudos galegos máis aló do ámbito filolóxico. Cumpre, deste xeito, coas expectativas anunciadas nas súas primeiras páxinas ao poñer de relevancia as posibilidades de achegarse á produción cultural galega dende diferentes perspectivas.